

Comunidade Autónoma de Galicia

Provincia	Denominación da zona	Municipios ou parte deles
A Coruña	Ría de Ortigueira Lagoas de Vixán e Corrubedo	Ortigueira e Cariño. Ribeira, Porto do Són.
Lugo	Ría de Ribadeo	Ribadeo e Trabada.
Ourense	Lagoa de Antela	Vilar de Santos, Sandiás, Porqueira, Xinzo de Limia, Rairíz de Veiga.
Pontevedra	Esteiro do Miño Enseada de San Simón Franxa sobre zona de risco do Grove	A Guarda, O Rosal, Tomiño e Tui. Pontevedra, Soutomaior, Redondela, Moaña, Vila- boa, Marín. Vilagarcía de Arousa, Meis, Poio.

Comunidade Foral de Navarra

Provincia	Denominación da zona	Municipios ou parte deles
Navarra	Arrozais de Arguedas Lagoa de Pitillas Zúñiga Los Arcos	Arguedas, Tudela. Pitillas. Zúñiga. Los Arcos.

Comunidade Autónoma de La Rioja

Provincia	Denominación da zona	Municipios ou parte deles
La Rioja	Encoro de Leiva Arrozais de Cofin Soto del Estajao Pantano de la Grajera	Leiva-Tormantos. Alfaro. Alfaro. Logroño.

Comunidade Valenciana

Provincia	Denominación da zona	Municipios ou parte deles
Alacant/Alicante	Municipio de Gorga, Municipio de Alicante	Gorga, Alicante.
Castelló/Castellón	Municipio de Vall D'alba, Municipio de Traiguera, Municipio de Canet, Municipio de Lo Roig e Municipio de Albocàsser	Vall D'alba, Traiguera, Canet Lo Roig y Albocàsser.
València/Valencia	Municipio de Quart de Poblet, Municipio de Sinarcas, Municipio de Chiva y Municipio de La Pobla Llarga.	Quart de Poblet, Sinarcas, Chiva e La Pobla Llarga.

XEFATURA DO ESTADO

11049 *LEI 21/2006, do 20 de xuño, pola que se modifica a Lei 9/1987, do 12 de xuño, de órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das administracións públicas.* («BOE» 147, do 21-6-2006.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

A Lei 9/1987, do 12 de xuño, de órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das administracións públicas é a

primeira lei no noso país que, con carácter xeral, regulou eses supostos e, en definitiva, abordou unha materia que constitúe parte do réxime estatutario dos funcionarios públicos a que se refire o artigo 103.3 da Constitución.

É precisamente o desenvolvemento do sindicalismo na función pública un dos casos máis relevantes nas transformacións operadas no réxime xurídico dos funcionarios tanto no ámbito da nosa Administración pública como noutros Estados do noso contorno, sendo unha das pezas clave na democratización das administracións públicas.

Hai que dicir que a Lei 9/1987, do 12 de xuño, experimentou modificacións desde a súa publicación. Esencialmente as devanditas modificacións suscitaróñse en relación á negociación colectiva –a través da Lei 7/1990, do 19 de xullo,– e en relación aos órganos de representación –a través da Lei 18/1994, do 30 de xuño. Estas supuxeron, respectivamente, avances no afondamento dos mecanismos de determinación das condicións de traballo e na adaptación de órganos de representación do persoal ao servizo das administracións públicas.

Pois ben, a experiencia da aplicación durante dezoito anos da Lei 9/1987, do 12 de xuño, aconsella a introdución

dalgunhas outras modificacións nela, para a acomodar a escenarios certamente cambiantes nunha materia tan dinámica como é a das relacións entre as administracións públicas e o persoal ao seu servizo.

Neste sentido a lei crea unha mesa xeral de negociación das administracións públicas como foro de encontro necesario das administracións do Estado, das comunidades autónomas e das entidades locais e as organizacións sindicais que permita negociar os temas comúns que afectan o conxunto de empregados de todas as administracións públicas e que responda á transformación habida na estrutura do Estado coa consolidación do Estado das autonomías. Na devandita mesa trataranse aspectos que sexan susceptibles de regulación estatal con carácter de norma básica e aqueles de carácter xeral que afecten, globalmente, o persoal das administracións públicas. A representación das administracións públicas será unitaria e estará presidida pola Administración xeral do Estado. A representación das organizacións sindicais, de acordo coa Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, distribuirase en función dos resultados obtidos nas eleccións a órganos de representación do persoal funcionario e laboral.

Así mesmo, a lei prevé a existencia de mesas xerais de negociación na Administración xeral do Estado, nas comunidades autónomas e nas entidades locais para a negociación das condicións de traballo comúns para os empregados públicos, sexa persoal funcionario, estatutario ou laboral. Para a presenza de organizacións sindicais nas devanditas mesas teranse en consideración, seguindo os criterios da Lei orgánica 11/1985, de liberdade sindical, os resultados obtidos nos órganos de representación do persoal funcionario e laboral do correspondente ámbito de representación. Tamén estarán presentes as organizacións sindicais que formen parte da mesa xeral de negociación das administracións públicas sempre que obtivesen o 10 por 100 dos representantes para persoal funcionario ou laboral no ámbito correspondente da mesa de que se trate.

A lei, por outro lado, non altera o disposto pola lexislación vixente en materia de acordos e pactos para o persoal funcionario, xa que para a validez e eficacia deles será necesaria a aprobación expresa e formal por parte das administracións públicas correspondentes de conformidade co establecido na Lei 9/1987, do 12 de xuño, e, en igual sentido, para o persoal laboral será necesaria, seguindo o disposto na lexislación laboral, a formalización do correspondente acordo no seo da unidade de negociación de que se trate tal e como veu sucedendo nos últimos anos.

Por outra parte, dificultades detectadas na translación automática da capacidade negocial das organizacións sindicais dunhas mesas a outras –nun contexto de modificación da estrutura negociadora nas administracións públicas– aconsella delimitar con maior claridade a lexitimidade para formar parte das mesas sectoriais, establecéndose que estarán presentes os sindicatos máis representativos e os que obtivesen no correspondente sector o 10 por 100 ou máis dos representantes nas eleccións para delegados e xuntas de persoal. Desta maneira, as organizacións sindicais acreditan a súa representación no ámbito territorial e funcional concreto sen que poida operar de forma automática a irradiación de representatividade.

Finalmente, a lei alude á posibilidade de que, logo de acordo coas organizacións sindicais, os órganos de goberno das administracións públicas poidan modificar ou establecer xuntas de persoal en determinados ámbitos cuxas características especiais así o requiran.

O texto desta lei, na súa fase de anteproxecto, foi debatido na mesa xeral de negociación da Administración xeral do Estado e no Foro do Diálogo Social no ámbito das administracións públicas.

Por outra parte, a lei realiza as modificacións normativas necesarias na Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, encamiñadas a favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Todo iso determinou a procedencia e oportunidade de aprobar a seguinte lei.

Artigo único. *Modificación da Lei 9/1987, do 12 de xuño, de órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das administracións públicas.*

A Lei 9/1987, do 12 de xuño, de órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das administracións públicas, queda modificada como segue:

Un. Modifícase a letra d) do artigo 2.1 da Lei 9/1987, que queda redactado da seguinte forma:

«d) O persoal laboral ao servizo das distintas administracións públicas, que se rexerá pola lexislación laboral común, sen prexuízo do previsto nos artigos 39 e 40 e nas disposicións adicionais quinta e sexta.»

Dous. Modifícase o artigo 7.5 da Lei 9/1987, que queda redactado da seguinte forma:

«Logo de negociación e acordo coas organizacións sindicais lexitimadas segundo o disposto nos artigos 6 e 7 da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, os órganos de goberno das administracións públicas poderán modificar ou establecer xuntas de persoal en razón ao número ou peculiaridades dos seus colectivos, adecuándoas ás estruturas administrativas e/ou aos ámbitos de negociación constituídos ou que se constitúan.»

Tres. Modifícase o parágrafo segundo do artigo 31.2 da Lei 9/1987, que queda redactado da seguinte forma:

«Nas mesas sectoriais, ademais das organizacións sindicais máis representativas a nivel estatal e as de comunidade autónoma, estarán presentes os sindicatos que obtivesen no correspondente sector o 10 por 100 ou máis dos representantes nas eleccións para delegados e xuntas de persoal.»

Catro. Engádesse unha nova disposición adicional sexta, coa redacción seguinte:

«Disposición adicional sexta. *Mesas xerais de negociación.*

1. Ademais das mesas de negociación previstas no artigo 31 desta lei, constituirase unha mesa xeral de negociación das administracións públicas.

A representación das administracións públicas será unitaria, estará presidida pola Administración xeral do Estado e contará con representantes das comunidades autónomas e da Federación Española de Municipios e Provincias, en función das materias que se vaian negociar.

A representación das organizacións sindicais lexitimadas para estar presentes de acordo co disposto nos artigos 6 e 7 da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, distribuirase en función dos resultados obtidos nas eleccións aos órganos de representación do persoal, delegados de persoal, xuntas de persoal e comités de empresa, no conxunto das administracións públicas.

Serán materias obxecto de negociación nesta mesa as relacionadas no artigo 32 desta lei que resulten susceptibles de regulación estatal con carácter de norma básica, sen prexuízo dos acordos a que poidan chegar as comunidades autónomas no seu correspondente ámbito territorial en virtude das

súas competencias exclusivas e compartidas en materia de función pública.

2. Así mesmo, para a negociación de todas aquelas materias e condicións xerais de traballo comúns ao persoal funcionario, estatutario e laboral de cada Administración pública, constituirase na Administración xeral do Estado, e en cada unha das comunidades autónomas e entidades locais, unha mesa xeral de negociación.

Son de aplicación a estas mesas xerais os criterios sinalados no punto 1 da presente disposición adicional sobre representación das organizacións sindicais na Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas, tomando en consideración en cada caso os resultados obtidos nas eleccións aos órganos de representación do persoal funcionario, do persoal estatutario e do persoal laboral do correspondente ámbito de representación.

Ademais, tamén estarán presentes nestas mesas xerais as organizacións sindicais que formen parte da mesa xeral de negociación das administracións públicas sempre que obtivesen o 10 por 100 dos representantes para persoal funcionario ou persoal laboral no ámbito correspondente á mesa de que se trate.»

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.*

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública:

Un. Modifícase a letra a) do artigo 30.1, e créase unha nova letra a) bis, no devandito artigo, coa seguinte redacción:

«1. Concederanse permisos polas seguintes causas xustificadas:

a) Polo nacemento, acollemento ou adopción dun fillo, dez días que desfrutará o pai a partir da data do nacemento, da decisión administrativa ou xudicial de acollemento ou da resolución xudicial pola cal se constituía a adopción.

a bis) Polo falecemento, accidente ou enfermidade graves dun familiar dentro do primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, tres días hábiles cando o suceso se produza na mesma localidade, e cinco días hábiles cando sexa en distinta localidade.

Cando se trate do falecemento, accidente ou enfermidade graves dun familiar dentro do segundo grao de consanguinidade ou afinidade, o permiso será de dous días hábiles cando o suceso se produza na mesma localidade e catro días hábiles cando sexa en distinta localidade.»

Dous. Engádesse un parágrafo á letra f) do artigo 30.1, coa seguinte redacción:

«Igualmente, a funcionaria poderá solicitar a substitución do tempo de lactación por un permiso retribuído que acumule en xornadas completas o tempo correspondente.»

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 20 de xuño de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

11051 *REAL DECRETO 711/2006, do 9 de xuño, polo que se modifican determinados reais decretos relativos á inspección técnica de vehículos (ITV) e á homologación de vehículos, as súas partes e pezas, e modifícase, así mesmo, o Regulamento xeral de vehículos, aprobado por Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro.* («BOE» 147, de 21-6-2006.)

No Consello de Ministros celebrado o 17 de outubro de 2003, o ministro do Interior presentou un informe sobre o Plan especial de seguridade viaria para o ano 2004. Entre as medidas recollidas no devandito informe, na epígrafe de acondicionamento e servizos, figuraba a implantación da inspección técnica de vehículos (ITV) para os ciclomotores.

A inspección técnica de vehículos está regulada en España polo Real decreto 2042/1994, do 14 de outubro. No artigo 6 do devandito real decreto establécense os vehículos que deben pasar inspección periódica, así como as frecuencias de inspección en función da súa categoría, uso, servizo, dedicación, capacidade e masa máxima autorizada (MMA).

Resulta, por tanto, necesario modificar o citado artigo para incluír os ciclomotores, asignarlles as frecuencias de inspección, e, por coherencia co anterior e coas categorías dos vehículos definidas no Regulamento xeral de vehículos, aprobado por Real decreto 2822/1998, do 23 de setembro, incluír tamén os vehículos de tres rodas, cuadríciclos, quads e cuadríciclos lixeiros, modificando a epígrafe do devandito artigo relativo ás motocicletas.

Tamén se considerou conveniente encadrar as autocaravanas e vehículos vivenda na epígrafe de frecuencias de inspección dos vehículos de turismo, así como concretar que vehículos están incluídos dentro do concepto de aluguer e escola de condutores para os mesmos efectos. Finalmente, é necesario incluír en diversos artigos do Real decreto 2042/1994, do 14 de outubro, o certificado de características dos ciclomotores e cuadríciclos lixeiros que, para os vehículos matriculados ata a entrada en vigor deste real decreto, se utilizará como documento de anotación das inspeccións, ao mesmo tempo que outras correccións técnicas en diversos artigos do Real decreto 2042/1994, do 14 de outubro.

Polas mesmas razóns é tamén preciso modificar diversos artigos do Real decreto 1987/1985, do 24 de setembro, sobre normas xerais de instalación e funcionamento das estacións ITV.

Igualmente, é preciso modificar os anexos 10 e 11 do Real decreto 2140/1985, do 9 de outubro, sobre homologación de tipos de vehículos automóbiles, remolques e semirremolques, así como de partes e pezas dos devanditos vehículos, para estender o uso da tarxeta ITV aos ciclomotores e cuadríciclos lixeiros.

É conveniente, por outra parte, modificar os plans de control e calibración dos equipamentos de inspección que figuran no Real decreto 833/2003, do 27 de xuño, polo que se establecen os requisitos técnicos que deben cumprir as estacións de inspección técnica de vehículos (ITV), co fin de ser autorizadas para realizar esta actividade, dado que, ademais doutras razóns, está previsto realizar medicións de nivel sonoro nas categorías de vehículos para as cales existan procedementos e niveis regulamentarios, debéndose establecer frecuencias de control e calibración dos equipamentos necesarios.

Finalmente, é tamén preciso modificar varios anexos do Regulamento xeral de vehículos para, por un lado, definir os vehículos quad-ATV e, por outro lado, considerar o certificado de características dos ciclomotores e